

ANUNCIO

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2024-3162, con data de 06/11/2024 pola que aprobou a lista provisional de persoas admitidas no proceso selectivo que se convocou para levar a cabo o PROXECTO “+EMPREGA CONCELLOS 2024 nos concellos da provincia de Pontevedra 2023/2024”, na cal se establece o seguinte:

“RESOLUCIÓN

As bases do proxecto denominado “+EMPREGA NOS CONCELLOS” para financiar contratos formativos publicáronse no *Boletín Oficial da Provincia DE Pontevedra* núm.: 152, do 06/08/2024. E teñen por obxecto regular as condicións polas que se rexerá a convocatoria pública para a selección dos concellos como entidades colaboradoras e a determinación do nivel de estudos dos 128 postos de traballo que se van ocupar baixo a modalidade de contrato formativo, así como o desenvolvemento destas bases, que regularán as relacións entre a Deputación de Pontevedra e as entidades colaboradoras.

O Concello de Redondela presentou a solicitude para participar neste proxecto o día 20/08/2024, DE acordo co previsto na base QUINTA DO programa “+EMPREGA NOS CONCELLOS” PARA FINANCIAR CONTRATOS FORMATIVOS.

A Deputación de Pontevedra outorgou ao Concello de Redondela (por acordo da Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 27/09/2024, que se publicou no BOPPO núm.: 193, do 03/10/2024) unha subvención de 7.600€ para o ano 2024 e de 38.000€ para o ano 2025, para a contratación de 3 persoas traballadoras desempregadas por un período máximo dun ano.

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2024-3001, con data de 24/10/2024, pola que aprobou as bases que rexen a contratación de tres persoas desempregadas (1 ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A DE OBRAS PÚBLICAS, 1 TÉCNICO/A SUPERIOR DE ADMINISTRACIÓN E 1 TÉCNICO/A SUPERIOR EN XESTIÓN FORESTAL) do proxecto denominado “+EMPREGA NOS CONCELLOS” para contratos formativos, mediante un contrato de traballo formativo para a obtención da práctica profesional, polo período máximo dun ano.

O concello é o encargado de levar a cabo a selección final mediante a presentación da correspondente oferta de emprego na oficina do Servizo Público de Emprego do domicilio da entidade colaboradora.

A selección efectuarase entre persoas inscritas como demandantes ou en mellora de emprego no Servizo Público de Emprego e que cumpran os requisitos esixidos para a formalización dun



contrato formativo para a obtención da práctica profesional, descritos na base 2.^a das bases reguladoras deste proceso selectivo. O ámbito de busca de emprego de cada concello non poderá superar o nivel provincial.

As contratacións laborais baixo a modalidade contrato formativo que se deriven realizaranse entre as entidades colaboradoras e as persoas tituladas universitarias e de formación profesional de ciclos medios e superiores, co fin de poder adquirir a práctica profesional adecuada ao nivel de estudos cursados e facilitarlles a súa inserción no mercado laboral.

A través desta subvención financiarase unha parte do custo laboral total dun contrato formativo que deberá ser por un período máximo dun ano a tempo completo. O salario non poderá ser inferior ao 70% para o grupo profesional e nivel retributivo correspondente ao nivel de estudos e funcións desempeñadas e, en ningún caso, inferior ao SMI vixente.

O Real decreto legislativo 2/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, establece no artigo 11.1 que o contrato formativo terá por obxecto a formación en alternancia co traballo retribuído por conta allea nos termos establecidos no apartado 2, ou o desempeño dunha actividade laboral destinada a adquirir unha práctica profesional adecuada aos correspondentes niveis de estudos, nos termos establecidos no apartado 3.

O Real decreto legislativo 2/2015, do 30 de outubro, establece no artigo 11.3 que o contrato formativo para a obtención da práctica profesional adecuada ao nivel de estudos rexirase, entre outras, polas seguintes regras:

-Poderá concertarse con quen estivese en posesión dun título universitario ou dun título de grao medio ou superior, especialista, máster profesional ou certificado do sistema de formación profesional, de acordo co previsto na Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das Cualificacións e da Formación Profesional, así como con quen posúa un título equivalente de ensinanzas artísticas ou deportivas do sistema educativo, que habiliten ou capaciten para o exercicio da actividade laboral.

-O contrato de traballo para a obtención de práctica profesional deberá concertarse dentro dos tres anos, ou dos cinco anos se se concerta cunha persoa con discapacidade, seguintes á terminación dos correspondentes estudos. Non poderá subscribirse con quen xa obtivera experiencia profesional ou realizado actividade formativa na mesma actividade dentro da empresa por un tempo superior a tres meses, sen que se computen a estos efectos os periodos de formación ou prácticas que formen parte do currículo exixido para a obtención da titulación ou certificado que habilita esta contratación.



-Ningunha persoa poderá ser contratada na mesma ou distinta empresa por tempo superior aos máximos previstos no apartado anterior en virtude da mesma titulación ou certificado profesional. Tampouco se poderá estar contratado en formación na mesma empresa para o mesmo posto de traballo por tempo superior aos máximos previstos no apartado anterior, aínda que se trate de distinta titulación ou distinto certificado.

Tras presentar a oferta de emprego na oficina pública de emprego do Concello de Redondela o día 28/10/2024 para a preselección de persoas candidatas para un posto de ENXEÑEIRO/A TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS, esta oficina non preseleccionou a ningún/ha candidato/a.

Tras presentar a oferta de emprego na oficina pública de emprego do Concello de Redondela o día 28/10/2024 para a preselección de persoas candidatas para un posto de TÉCNICO/A SUPERIOR DE ADMINISTRACIÓN, esta oficina preseleccionou a 5 persoas (Oferta 12-2024-10935).

Tras presentar a oferta de emprego na oficina pública de emprego do Concello de Redondela o día 28/10/2024 para a preselección de persoas candidatas para un posto de TÉCNICO/A SUPERIOR EN XESTIÓN FORESTAL, esta oficina preseleccionou a 5 persoas (Oferta 12-2024-10916).

As persoas preseleccionadas que foron contactadas polo departamento de Persoal deste concello vía telefónica e vía correo electrónico a través dos datos que figuraban nos currículos que remitíu a Oficina de Emprego de Redondela tiveron, segundo o previsto nas bases reguladoras deste proceso de selección, un prazo de 3 días hábiles, a contar dende o día seguinte ao do requirimento, para presentar a instancia de participación.

Tras finalizar o prazo de presentación de instancias e segundo o previsto nas bases reguladoras deste proceso selectivo que se aprobaron con data de 24/10/2024, é polo que, e en virtude das competencias que me asigna a lexislación local vixente,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Declarar admitidas, con carácter provisional, ás seguintes persoas aspirantes no proceso selectivo que se convocou para contratar a un/unha TÉCNICO/A SUPERIOR DE ADMINISTRACIÓN, para a realización do proxecto “+ EMPREGA NOS CONCELLOS 2024”:

N.º	APELIDOS E NOME	DNI
1	LAGO FONTÁN, IVÁN	*****999-B
2	BLANCO RODRÍGUEZ, SUSANA	*****068-V



* Segundo o previsto no apartado 7.3 das bases xerais de convocatorias de procesos de selección de persoal do Concello de Redondela que se publicaron no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), número 50, do 13.03.2015, o feito de figurar incluído/a na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas posuír os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que os/ás aspirantes admitidos/as superen as probas selectivas.

SEGUNDO: Declarar excluída, con carácter provisional, á seguinte persoa aspirante no proceso selectivo que se convocou para contratar a un/unha TÉCNICO/A SUPERIOR DE ADMINISTRACIÓN, para a realización do proxecto “+ EMPREGA NOS CONCELLOS 2024”:

N.º	APELIDOS E NOME	MOTIVO
1	VALVERDE ALONSO, JACOBO	NO ACREDITA CUMPRIR OS REQUISITOS PUNTO SEGUNDO APARTADO F DAS BASES

TERCEIRO: Declarar admitidas, con carácter provisional, ás seguintes persoas aspirantes no proceso selectivo que se convocou para contratar a un/unha TÉCNICO/A SUPERIOR EN XESTIÓN FORESTAL, para a realización do proxecto “+ EMPREGA NOS CONCELLOS 2024”:

N.º	APELIDOS E NOME	DNI
1	MUÑOZ VILAR, LIDIA	*****874-G
2	SUÁREZ BARROS, DAVID MIGUEL	*****627-Z

* Segundo o previsto no apartado 7.3 das bases xerais de convocatorias de procesos de selección de persoal do Concello de Redondela que se publicaron no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), número 50, do 13.03.2015, o feito de figurar incluído/a na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas posuír os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que os/ás aspirantes admitidos/as superen as probas selectivas.

CUARTO: Declarar excluída, con carácter provisional, á seguinte persoa aspirante no proceso selectivo que se convocou para contratar a un/unha TÉCNICO/A SUPERIOR EN XESTIÓN FORESTAL, para a realización do proxecto “+ EMPREGA NOS CONCELLOS 2024”:



N.º	APELIDOS E NOME	MOTIVO
1	CRUJEIRAS BESADA, MANUEL	NO ACREDITA CUMPRIR OS REQUISITOS PUNTO SEGUNDO DAS BASES
2	SARTAL RODRÍGUEZ, NELSON	NON CUMPRE OS REQUISITOS PUNTO SEGUNDO DAS BASES

QUINTO: As persoas excluídas poderán presentar as alegacións que estimen oportunas ou a documentación a subsanar, no prazo de tres (3) días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación da dita relación.

Estas enmendas non serán aplicables respecto dos méritos alegados pero non achegados nin dos requisitos establecidos.

No caso de non presentar a alegación no rexistro ou na sede electrónica do Concello de Redondela, a persoa aspirante deberá dirixir ao enderezo electrónico: persoal@redondela.gal, con anterioridade ao remate do prazo, unha copia da alegación rexistrada, xunto coa documentación que achegue.

A lista provisional de persoas admitidas e excluídas elevarase automaticamente a definitiva se non se presentan reclamacións. De haber reclamacións e resoltas estas, a Alcaldía aprobará a lista definitiva que se exporá na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello.

SEXTO: Publicar na sede electrónica, na páxina web (www.redondela.gal, apartado de emprego público, persoal temporal) e no taboleiro de anuncios do concello a lista provisional de persoas admitidas e excluídas nestes procesos selectivos.”

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

